

Comunicámoslles que están convocadas as axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso 2017-2018.

No BOE de data 12/08/2017 queda recollida a convocatoria de axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso 2017/2018.

Para este curso convocan as seguintes **axudas individualizadas**:

- Axudas directas para o alumnado que requira por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- Subsidios por necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta para familias numerosas.
- Axudas para programas específicos complementarios á educación regrada para alumnado con necesidade específica de apoio asociado a altas capacidades intelectuais.

Beneficiarios:

Alumnos/as con NEE que reúnan os seguintes requisitos:

- Presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastornos graves de conduta sempre que dita necesidade fora acreditada por algunha das seguintes vías:
 - certificado dun equipo de valoración e orientación dun centro base do Instituto de Maiores e de Servicios Sociais ou órgano correspondente da comunidade.
 - certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación dependentes da administración educativa correspondente
 - certificado de discapacidade
- Ter cumpridos dous anos de idade a 31 de decembro de 2016. Excepcionalmente, poderán concederse axudas a alumnos/as menores de dous anos sempre que os equipos correspondentes certifiquen a necesidade de escolarización máis temperá por razón das características da discapacidade.
 - Estar escolarizado en centro específico, en unidade de educación especial de centro ordinario ou en centro ordinario que escolarice alumnos que presentan necesidades educativas especiais, que foran creados ou autorizados definitivamente como tales pola administración educativa competente, na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Estar escolarizado en centro específico, en unidade de educación especial de centro ordinario ou en centro ordinario que escolarice alumnos que presentan necesidades educativas especiais, que foran creados ou autorizados definitivamente como tales pola administración educativa competente, na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes.
- Estar cursando algún dos seguintes niveis educativos:
 - E. Infantil.
 - E. Primaria.
 - E. Secundaria.
 - (...)

Para esta convocatoria o Ministerio de Educación indica que é necesario cumplimentar o formulario accesible por internet en: www.mecd.gob.es ou a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na dirección <https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a "trámites y servicios".

O prazo para a presentación de solicitudes remata o **28 de setembro de 2017**.